



ACTA DE REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: PROMOCIÓN ECONÓMICA

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Salón de Plenos municipal

Data: 9/05/2017

Hora: 21:25

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

- 1) Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada e concelleiro de Participación Cidadá,
- 2) Xosé Luis Suárez Becerra, concelleiro de Promoción Económica e Turismo,
- 3) Xosé Fernando Fariña, secretario da Alcaldía do Concello de Sada,
- 4) José Manuel Pérez Otero, en representación do grupo político Sadamaioría,
- 5) Manuela Martínez Souto, en representación da asociación sociocultural Meigas de Sada, e quen manifesta o seu interese neste Consello tamén a título individual,
- 6) Fernando España López, en representación do colectivo Eres de Tapas si...,
- 7) Andrés López Conde, en representación do colectivo Mariscos de Sada,
- 8) Manuela Blanco Presas, a título individual,
- 9) Tamara Rubiños Varela, que asiste a reunión como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada,

e actúa como **secretario**:

Ismael Blanco Bouza, como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1ª parte: de constitución do Consello Sectorial.

1. Presentación da sesión e resumo do proceso de creación de Consellos Sectoriais realizado ata o momento.
2. Presentación de representantes institucionais, representantes dos grupos políticos con presenza no pleno, e representantes das asociacións que desexan integrarse.
3. Presentación das veciñas e veciños integrantes do Consello Sectorial a título individual.



4. Funcionamento do Consello Sectorial para a elaboración dun Regulamento Interno:

4.1. Establecemento das funcións do Consello Sectorial.

4.2. Establecemento da periodicidade das reunións.

4.3. Establecemento das canles de comunicación internas e externas.

5. Outros.

2ª parte: da seguinte reunión.

6. Temas a tratar na seguinte reunión do Consello, para comezar a elaborar a orde do día.

7. Varios.

8. Determinación da data, hora e lugar da seguinte reunión

9. Lectura da acta de constitución, sinatura da mesma polas persoas presentes e peche da sesión.

Da 1ª parte da reunión:

- Dá comezo a sesión coa presentación da mesma, por parte do equipo técnico, e a realización dun resumo do proceso levado a cabo ata o momento para a creación dos Consellos Sectoriais. Abórdase máis concretamente o tratado no 3º encontro participativo: funcionamento dos Consellos Sectoriais.
- Maniféstase que sería de interese que se sumaran máis axentes chave a este Consello coa finalidade de garantir a súa funcionalidade, utilidade e pervivencia.
- Debátase a periodicidade das reunións deste Consello Sectorial e acórdase a realización de catro xuntanzas ordinarias por ano.
- Debátense as canles de comunicación que empregará este Consello, determinándose a creación dun grupo a través da aplicación de mensaxería WhatsApp entre as persoas integrantes deste Consello.
- Como ferramenta de comunicación externa acórdase empregar a páxina web municipal, espazo no cal se dará publicidade ás ordes do día e as actas das reunións.
- Queda constituído o Consello Sectorial da Promoción Económica de Sada, composto polas persoas anteriormente sinaladas e polas entidades ás cales representan. Este Consello queda aberto á incorporación de novas persoas ou entidades.



Da 2ª parte:

- Plantéxanse as seguintes cuestións e temas a tratar na seguinte reunión:
- Realización dunha diagnose da realidade socioeconómica, empresarial e do emprego/desemprego no concello de Sada. Proponse contar na seguinte reunión cun resumo dos principais indicadores socioeconómicos presentados por sectores (primario, servizos, construción e industria), así como datos de emprendemento, coa finalidade de elaborar unha matriz DAFO a modo de síntese, que permita ser analizada e dada a coñecer aos axentes socioeconómicos en particular e á poboación local en xeral.
- Coméntase a necesidade de adaptar o calendario dalgúns eventos gastronómicos e hostaleiros con poder de atracción turística.

Data, hora e lugar da próxima reunión: Luns, 12/06/2017, ás 20:30h. no Salón de Plenos municipal.

Remata esta reunión sendo as 23:00h. Todas as persoas presentes nestes momento asinan a presente acta e manifestan coñecer o contido da mesma.